



**Emilio Estévez**  
Director xerente  
Coplant



// Sector  
**Agrario**



// Localización  
**Tomíño**



// Ano de constitución  
**2004**



// N<sup>o</sup> empregados  
**+100**

## // Descrición da empresa

Coplant naceu grazas ao empeño e á unión de cinco viveiros produtores de planta ornamental na zona sur de Galicia, o que afianzou a súa sede e o seu centro loxístico na comarca do Baixo Miño.

Actualmente, está presente nos principais mercados europeos, como Francia, Reino Unido, Alemaña, Holanda, Bélxica, Portugal, Italia e Dinamarca, e converteuse nun referente na comercialización de planta ornamental de calidade.

*"Para Coplant a participación neste servizo supuxo avanzar cara a mellora da nosa estratexia de marketing dixital"*

Emilio Estévez. Director xerente de Coplant

## // Descrición do proxecto

Esta peme, dedicada á venda de planta ornamental, deuse conta da necesidade de mellorar a organización desta actividade no eido dixital, así como a relación coa clientela. Por este motivo, solicitaron o plan Re-acciona TIC, co obxectivo de que alguén alleo á empresa, neste caso o axente colaborador, orientase os seus contidos, clarificase a súa relación coa clientela e favorecese un cambio no deseño e a organización da páxina web.

O seu proxecto de mellora da competitividade abordou, dunha forma sistemática e sinxela, dous aspectos fundamentais. Por un lado, o coñecemento por parte da empresa para entender e identificar as súas propias necesidades e, por outro, a procura de solucións por parte do axente colaborador e a posterior implantación destas no eido dixital da peme. Deste xeito, durante a execución do programa Re-acciona TIC puideron detectar as súas carencias e coñecer as ferramentas necesarias para poder solucionarlas e seguir desenvolvendo o plan de marketing dixital dunha forma autónoma.





## // O resultado

Coplant conseguiu, grazas á súa participación no programa Re-acciona TIC, ordenar todo o material e o contido existente na súa web dun xeito máis atractivo para o usuario e protocolizar a súa actividade.

Con estas tarefas conseguiron deixar de ver Internet como unha preocupación para converterse en algo que xera unha vantaxe competitiva dun xeito exponencial.

*“Mediante este servizo conseguimos un mellor posicionamento da nosa web en buscadores, así como da tenda en liña, optimizamos o uso de e-mail marketing e xeramos tamén unha política de contidos que nos permite organizar e estruturar a publicación tanto no blog como nas redes sociais”*

Emilio Estévez  
Director xerente Coplant



// Web  
<https://www.coplant.es>



// Vídeo  
Ver video

## Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.